

## **Acta da Xunta de Escola ordinaria do 20 de xuño de 2017**

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 20/06/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 20/06/2017.
- III. Calendarios, horarios e exames das titulacións impartidas na EME. Curso 2017-18:
  - Horarios Grao en Enxeñaría da Enerxía.
  - Horarios Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
  - Horarios Mestrado en Enxeñaría de Minas.
  - Calendario Mestrado en Enxeñaría de Minas.
  - Calendario, horarios e exames do Mestrado en Xeoinformática.
  - Exames Grao en Enxeñaría da Enerxía.
  - Exames Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
  - Exames Mestrado en Enxeñaría de Minas.
- IV. Asignación de equipamento a laboratorios docentes 2017-2018
- V. Verificación do Máster Xeoinformática.
  - Memoria para a solicitude.
  - Resposta Alegación presentada pola ETS de Náutica e Máquinas da UDC.
- VI. Solicitude de aval para Doutora Honoris Causa.
  - Solicitude do Grao de Doutora Honoris Causa.
  - Memoria xustificada
  - CV da profesora M<sup>a</sup> Inmaculada Paz Andrade.

- VII. Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.
- VIII. Documentación relativa á CGIC.
  - Promoción das Titulacións.
  - Xestión da Mobilidade.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

## **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 26 de abril de 2017.**

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola. Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

O profesor D. Eduardo Liz Marzán solicita que na redacción da acta se corrixa o apelido Igrexas por Iglesias, que é o que corresponde.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017.

## **2. Informe da Directora**

A Directora informa:

- Xa está operativa a nova páxina web da escola: <http://minasyenergia.uvigo.es>. Tratou de facerse cun deseño máis atractivo e accesible, con contidos máis útiles e que poidan ser actualizados coa maior celeridade. Con todo, haberá moito que mellorar, por tanto, agrádecense todas as achegas, tanto no referente ao contido como ao formato. Esperamos que sexa útil para fomentar a relación e a participación entre toda a comunidade universitaria da EME e, en xeral da UVigo, así como que sirva de xanela ao exterior das nosas actividades de docencia e investigación
- O 26 de abril foi elixido Benito Vázquez embaixador en Galicia de Scientix, unha iniciativa para o fomento da educación científica en Europa na que se agrupan máis de 7000 docentes, que ten como principal obxectivo promover e apoiar a colaboración entre o

profesorado en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12687&Itemid=12](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12687&Itemid=12)

- O 3 de maio celebrouse a 2º “Xornada Atlántica Xeoespacial” na EE de Telecomunicacións, organizada polo Master en Xeoinformática adscrito ao centro. A dirección participou no acto de apertura e agradece esta iniciativa a Higinio González, coordinador da xornada e do Master.  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12780&Itemid=12](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12780&Itemid=12)
- O 6 de maio celebrouse a actividade de difusión do patrimonio xeolóxico “Geolodía 17: Ouro entre o Miñor e o Miño. A febre mineira galaico-romana”. A actividade foi coordinada polo profesor Benvido Dez Ferrer, coa colaboración de Teresa Rivas Brea e Natalia Caparrini da EME e profesorado de Ciencias do Mar. Asistiron 120 persoas.  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12774&Itemid=12](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12774&Itemid=12)
- O 11 de maio inaugurouse na EE de Minas e Enerxía o espazo de descanso que ofrece ao alumnado un lugar no que pensar, conversar, traballar, debater, meditar, ensaiar, etc, un lugar onde o alumnado pode reunirse de forma informal e que finalmente e tras unha votación nas redes sociais chamouse VitaMina.  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12826&Itemid=12](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12826&Itemid=12)
- O 18-19 e 25-26 de maio celebrouse na escola, a 4ª edición do curso \*RecMin, software libre empregado para a investigación e a explotación de recursos mineiros, organizado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste. O curso foi inaugurado por Juan Ricoy, delegado en Galicia do colexio, e pola secretaria do centro, Ángeles Saavedra e impartido por César Castañón, creador do software.  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12870&Itemid=43](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12870&Itemid=43)
- O 19 de maio celebrouse no Concello de Vigo unha actividade de divulgación científica á que asistiron 80 alumnos de bacharelato. A actividade foi organizada por María Araujo e polos servizos de normalización lingüística do Concello de Vigo e consistiu na presentación da exposición sobre recursos naturais de Galicia acompañada de seis minicharlas impartidas por ex-alumnos da escola. A dirección agradece a participación a Jesús Balado, Carla Iglesias, Saki Gerassis e Raul figueroa.  
[https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12870&Itemid=43](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12870&Itemid=43)
- O 19 de maio enviáronse as instrucións e recomendacións para realizar correctamente o recoñecemento médico dentro da “Campana de Vixilancia da Saúde 2017” enviadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Os traballadores da EME podían anotarse para facer a analítica previa ao recoñecemento ata o 26 de maio.
- A Vicerreitoría de Economía e Planificación convocou unha vía de equipamento informático para o PDI que non ten actualizados os equipos informáticos dos seus despachos. O 5 de maio enviouse á Vicerreitoría as solicitudes do profesorado da escola. Solicitaron equipamento: Alfonso Mandado, Natalia Caparrini, Itziar Goicoechea e

Faustino Patiño. O 24 de maio recibíuse escrito aprobando a contratación dos equipos solicitados.

- O 31 de maio comezou o curso de formación, de dúas semanas de duración en xuño e unha en setembro, para aqueles alumnos que en setembro van comezar cos labores de mentorización dentro do programa Meet-Minas da EME. Para o curso 17-18 hai 6+2 mentores, 2+2 repiten e 4 incorpóranse este curso. Este ano e como novidade participan como docentes no curso de formación Itziar Goicoechea e Ángeles Saavedra, responsables do Programa na Escola. [https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12929&Itemid=61](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12929&Itemid=61)
- O 31 de maio pecháronse as enquisas de satisfacción para o profesorado e estudiantado de 3º de grao e de master. Realizáronse diversas accións para a súa difusión. A dirección agradece a participación.

Grao en Enxeñaría da Enerxía	
AL-05	41.49 %
PR-05	60.61 %
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
AL-05	25.37 %
PR-05	66.67 %
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	
AL-05	39.53 %
PR-05	84.38 %
Máster Universitario en Xeoinformática	
AL-05	14.29 %
PR-05	63.64 %

- O 6 de xuño celebrouse na aula de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a presentación sobre o Máster en Enxeñaría de Minas dirixida aos estudantes de 3º e 4º curso dos Graos en “Enxeñaría da Enerxía” e “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” onde se lles ofreceu información sobre: réxime de matrícula, condicións de acceso e admisión, plan de estudos, calendario de preinscrición e matrícula, saídas profesionais e exercicio da profesión regulada. A sesión foi presentada pola coordinadora do master, Elena Alonso.
- O 6 de xuño na aula de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía tivo lugar a presentación do informe “Estudo da inserción laboral dos egresados da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía 1992-2017” realizado con motivo da conmemoración dos 25 anos dos estudos de Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo. No acto interviñeron dous egresados da escola, Lucía Novelle de Ingeo e Fernando Asensio de Terratest, que contaron a súa experiencia na incorporación ao mundo laboral. [https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=12952&Itemid=39](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=12952&Itemid=39).

O informe pode consultarse na web da escola: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/25-aniversario>

- O 15 de xuño celebrouse con motivo da conmemoración dos 25 anos dos estudos de Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo, unha Reunión de Directores de Escolas con estudos de Enxeñaría de Minas en España. Das 14 escolas asistiron: Universidade de Cantabria, Universidade de Oviedo (Escolas de Mieres e Oviedo), Universidade Politécnica de Madrid, Universidade de Salamanca, Universidade de Politécnica de Cartaxena e Universidade de Vigo. Na reunión tratouse o estado actual das escolas a partir da información achegada por cada escola e serviu como punto de partida para activar a Conferencia Española de Directores de Escolas de Minas. [https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=13011&Itemid=12](https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=13011&Itemid=12)
- Recibiuse da área de calidade os prazos de apertura e peche das guías docentes 17-18. O centro debe establecer os procedementos e prazos internos para a elaboración, revisión, aprobación e publicación das mesmas. O 9 de xuño enviouse un correo a todo o profesorado coa información:
  - As guías das materias manteranse pechadas para o profesorado.
  - O acceso para a súa edición debe ser solicitado ao coordinador de grao
  - Os coordinadores de grao encargaranse de realizar os cambios menores.
  - Os cambios a realizar obrigatoriamente este ano céntranse na Bibliografía.
  - Ata o 20 de xuño: propostas de modificación e acceso ás guías
  - Do 21 ao 27 de xuño, modificación de guías
  - Do 28 de xuño ao 3 de xullo, revisión e aprobación en CGIC e XE
- Durante os días 19 e 20 de xullo vaise a celebrar na EE Industrial un taller sobre o uso de estándares no ámbito universitario organizado pola EE Industrial e a EE de Minas e Enerxía. Este curso será impartido por profesionais da Asociación Española de Normalización (UNE). O curso vai dirixido tanto ao PDI como a alumnos interesados. A inscrición é gratuíta e as prazas son limitadas. Toda a información está na web do centro: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/comunicacion/eventos/1040-19-07-2017-taller-estandares> e o formulario de inscrición en <https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdQUI-rD6TxoKESLEqrCoPw9w4IjH5ELzGPdK-V2YrnYwb8lw/viewform?c=0&w=1>
- O próximo 7 de xullo, ás 18:30 horas, terá lugar o Solemne Acto de Gradación da cuarta promoción de Graduados en Enxeñaría dous Recursos Mineiros e Enerxéticos e Graduados en Enxeñaría da Enerxía, e da segunda promoción do Master en Enxeñaría de Minas e de Xeoinformática no Auditorio do teatro Afundación Vigo. A organización do acto está a ser levada a cabo por María Araújo Fernández.

### **3. Aprobación, se procede, dos calendarios/planificación dos Master impartidos na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-2018.**

Enviáronse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo III) os calendarios e planificación dos mestrados en Enxeñaría de Minas e en Xeoinformática. Estas propostas foron ratificadas polas súas respectivas comisións académicas con anterioridade a esta Xunta de Escola

A Xunta de Escola aproba por asentimento os calendarios dos mestrados.

### **4. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-18.**

Os horarios foron enviados por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo III) e están consensuados cos profesores das catro titulacións impartidas na EME.

A directora informa de que fíxose un esforzo para que no próximo curso 2017-18 todas a titulacións teñan libre os mércores de 13h a 14h para actividades relacionadas co MEET-Minas, programa de mentorización e de acción tutorial.

Así mesmo, motivado pola implantación do Plan de Internacionalización, os grupos tipo A con docencia en inglés aparecen como grupos novos de docencia.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-18.

### **5. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-2018.**

Enviáronse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola (Anexo III). No próximo curso non haberá calendario de exames para a titulación de Enxeñaría de Minas, posto que esta titulación extinguiuse. A Xunta de Escola aproba por asentimento os calendarios de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2017-2018.

Por outra banda, a dirección propón que non se asigne espazos para a realización de exames de fin de carreira das materias dos graos. Estas asignacións faranse cando se comprobe o número de alumnos matriculados e se confirme a necesidade de reserva de espazo. A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

### **6. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2017-2018.**

Na Xunta de Escola celebrada o 26 de abril de 2017 aprobouse o importe destinado á dotación de laboratorios e software para laboratorios e estableceuse un prazo para que as

áreas presentasen as súas propostas para o curso 2017-18. Estas propostas foron enviadas por correo electrónico aos membros da Xunta de Escola (Anexo IV).

O Profesor D. José Bienvenido Díez Ferrer asegura ter enviada unha solicitude que non foi incluída na listaxe. Acórdase revisar se a mencionada solicitude entrou en prazo e comprobar o importe.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a asignación de equipamento a laboratorios docentes así como delegar na Comisión Permanente o estudo e valoración da solicitude enviada desde o Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

## **7. Aprobación, se procede, da Memoria para a solicitude de verificación do Máster Xeoinformática, así como da resposta á alegación presentada pola ETS de Náutica e Máquinas da UDC.**

Enviáronse por correo electrónico ambos documentos (Anexo V). Os cambios con respecto á memoria proposta anteriormente atinxen á inclusión dos graos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas de A Coruña dentro dos perfís de entrada, e outros cambios menores correspondentes a erratas e cuestións de forma.

A Comisión aproba por asentimento a Memoria do Mestrado en Xeoinformática, así como da resposta á alegación presentada pola ETS de Náutica e Máquinas da UDC.

## **8. Aprobación, se procede, do aval para Doutora Honoris Causa.**

O Centro recibiu unha solicitude de aval á proposta de dona María Inmaculada Paz Andrade para o grao de Doutora Honoris Causa. Seguindo a normativa vixente, aprobada no claustro o 10 de novembro de 2004, esta solicitude debe contar co aval dos centros do ámbito.

Visto o Currículum Vitae e a Memoria Xustificativa da candidata (Anexo VI), a Xunta de Escola decide aprobar por asentimento o aval para Doutora Honoris Causa.

## **9. Aprobación, se procede, dun tribunal para a materia “Tecnoloxía Medioambiental”, para a convocatoria de xullo deste curso académico 2016-2017.**

Tal como se informou na Xunta de Escola celebrada con data 26 de abril de 2017, un alumno desta Escola solicitou ser avaliado na materia “Tecnoloxía Ambiental” por un tribunal dado que se atopa nun proceso de recusación contra o profesor responsable da materia. Nomeado un tribunal formado por profesores da área afín de Enxeñaría Química e celebrado o exame, o alumno recibiu a cualificación de non apto. Por este motivo procede o nomeamento dun novo tribunal que examinará ao alumno na convocatoria de xullo.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento dun novo tribunal.

## **10. Modificación, se procede, do procedemento para o seguimento das obrigas docentes.**

Enviouse por correo electrónico a proposta de modificación do procedemento para o seguimento das obrigas docentes (Anexo VII). Nesta proposta os cambios atinxen á sinalar que todas as probas parciais cuxa cualificación contribúa á nota final deben ter unha revisión con anterioridade á celebración do exame oficial.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os cambios propostos.

## **11. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

Enviouse por correo electrónico o Plan de Promoción das Titulacións do curso 2016-17 (Anexo VIII). Este informe consta de tres partes:

- Plan de Promoción do curso 2016-17. No que se inclúe unha relación de actividades levadas a cabo durante o curso.
- Valoración do Plan de Promoción. No que se destaca a participación de profesorado da Escola en diversas feiras e xornadas de divulgación das titulacións e o esforzo por aumentar a presenza da Escola nas redes sociais.
- Previsión para o curso 2017-18. No que se inclúen actividades previstas para o vindeiro curso.

Na reunión da Comisión de Garantía de Calidade, celebrada con anterioridade a esta Xunta de Escola, acordouse engadir dúas actividades na previsión para o curso 2017-18: “Día europeo de los minerales” e “XXIII día de la ciencia en la calle”.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Plan de Promoción das Titulacións.

Por outra banda, enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola os informes do procedemento de Xestión da Mobilidade (Anexo VIII). Constan das seguintes listaxes:

- Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado
  - o Alumnado do Grao en EE
  - o Alumnado do Grao en ERME
  - o Alumnado do Mestrado en EM
- Listaxe de Estudantado de Mobilidade Alleo

A Xunta de Escola aproba por asentimento os informes de Xestión da Mobilidade.



## 12. Rogos e preguntas.

O profesor don Fernando García Bastante pregunta se, de cara a próximos cursos, podería prescindirse de poñerse unha data para a celebración da Santa Bárbara nos calendarios das titulacións. A directora comenta que estase a tratar de revitalizar a celebración da patroa da Escola, polo que poder ser adecuado manter a data de celebración.

O profesor don Eduardo Liz Marzán solicita que o profesorado da Escola poda ter unha listaxe de títulos e datas de defensa dos TFGs con antelación. A subdirectora Xefa de Estudos contesta que isto sería posible se os TFG se puidesen programar con antelación e fai o rogo de que os membros de tribunal propostos confirmen as súas asistenciais canto antes.

O profesor don Alfonso Mandado Vázquez comenta que é posible enviar unha QSP de forma anónima desde a páxina web da Escola. Roga que o centro solicite que esa posibilidade quede anulada. O profesor don José Bienvenido Díez Ferrer apunta que non se pode acusar a un traballador de maneira anónima e ofrécese a facer unha consulta vía sindical sobre este asunto.

A profesora dona Teresa Rivas Brea apunta que ten detectado linguaxe non inclusivo nalgúns comunicacions feitas desde a Escola e ofrécese para revisar os textos antes de que sexan enviados.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte de xuño de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González

## **ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 20/06/2017**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 20/06/2017**

### **ANEXO III**

#### **Calendarios, horarios e exames das titulacións impartidas na EME. Curso 2017-18:**

- **Horarios Grao en Enxeñaría da Enerxía.**
- **Horarios Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**
  - **Horarios Mestrado en Enxeñaría de Minas.**
  - **Calendario Mestrado en Enxeñaría de Minas.**
- **Calendario, horarios e exames do Mestrado en Xeoinformática.**
  - **Exames Grao en Enxeñaría da Enerxía.**
- **Exames Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**
  - **Exames Mestrado en Enxeñaría de Minas.**

## **ANEXO IV**

**Asignación de equipamento a laboratorios docentes 2017-2018.**

## **ANEXO V**

### **Verificación do Máster Xeoinformática**

- **Memoria para a solicitude**
- **Resposta Alegación presentada pola ETS de Náutica e Máquinas da UDC**

## **ANEXO VI**

### **Solicitud de aval para Doutora Honoris Causa**

- **Solicitud do Grao de Doutora Honoris Causa**
  - **Memoria xustificada**
- **CV da profesora M<sup>a</sup> Inmaculada Paz Andrade**

## **ANEXO VII**

**Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.**



## **ANEXO VIII**

### **Documentación relativa á CGIC**

- **Promoción das Titulacións.**
- **Xestión da Mobilidade**